



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago, a 6 de marzo de 2012

Estimada Directora do CEIP Ramón Cabanillas: Son a directora da Biblioteca desta Facultade de Filoloxía da USC, e póñome en contacto con vostede para comentarlle un asunto ben inquietante. Hai uns 6 meses que nos decatamos da presenza dun rato moi especial nas dependencias da nosa biblioteca. Está na sala de investigadores traballando acotío. Reside nunha caixa na que hai uns obxectos que parecen ser as súas pertenzas: mobles e algúns efectos. Ademais apareceu un *pendrive* que contén certas imaxes que son a razón desta carta. Despois de observar con atención o contido do *pen*, coidamos que este ratiño pode ter relación co centro que vostede dirixe.

Tentamos identificar ao rato en cuestión, pero parecía ter problemas de identidade, xa que amosaba signos de amnesia, e estaba moi desorientado. Cando se retiraba á súa estanza emitía sons que non comprendiamos. Decidimos, entón, solicitar axuda ao departamento de *Fonoloxía e Interpretación da Linguaxe Animal* da Facultade de Bioloxía. Despois de investigar aqueles sons que emitía o ratiño cando durmía, os nosos compañeiros de Bioloxía enviáronnos o seguinte informe:

Departamento de *Fonoloxía e Interpretación da Linguaxe Animal*
Facultade de Bioloxía da USC
Santiago, 29 de febreiro de 2012

Interpretación dos berros emitidos polo rato nos períodos da fase REM do sono:

Maruxa, Shitong, Manolo.

A palabra **urelo** repetíaa moitas veces, pero non con claridade.

Pensamos que a palabra tan repetida pode ser **xurelo**.

Aconsellamos solicitar consulta urxente á Facultade de Veterinaria, para determinar a causa da amnesia e a desorientación que presenta o paciente.

Ao mesmo tempo de recibir este informe, fomos avisados polo departamento de Limpeza do Concello, do comezo da Campaña de Desratización no mes de abril de 2012. Cómpre atopar un lugar seguro para o rato, posto que de continuar nesta Facultade non poderíamos garantir a súa seguridade.

Se vostedes estiman que o rato procede do seu centro, deben comunicárnolo decontado, pero é preciso que aporten probas que o demostren.

Como pode comprender estamos moi preocupados co futuro que lle espera ao ratiño de continuar connosco. Por todo isto é urxente atopar a súa identidade e poder enviálo ao seu verdadeiro fogar.

Esperamos novas de vostedes e, de ser ese o Centro do que procede o ratiño, ordenaremos decontado o seu traslado.

Un saúdo.

A Directora,

Asd.:Pilar Del Oro